

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA REDE DE RADIOCOMUNICACIÓN DIXITAIS DE VOZ E DATOS PARA A OPERATIVA DA POLICÍA LOCAL (EXP. REF. 46-2016). LECTURA DE INFORME E APERTURA DE SOBRE C.

Sendo as 13:30 horas do día 24 de marzo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica; don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral; don Manuel Méndez Novo, Xefe da Policía Local, dona Carmen Flores Vicesecretaria accidental e como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Tamén asisten ao acto público don Daniel Darriba Dacruz e don Gerardo Feijoo, en representación da mercantil VEICAR, S.L. e don Francisco Javier Pérez Rico en representación da mercantil GALICOM TELECOMUNICACIONES, S.L..

Procédese por parte do presidente da Mesa á lectura do informe elaborado polo enxeñeiro don Javier Fernández Fraga en data 20 de marzo de 2017 a raíz das cuestións plantexadas polos licitadores na xuntanza anterior da Mesa do día 10.03.2017 e do que resulta que en relación cos certificados CE e declaracións de conformidade dos equipos tanto dun como doutro licitador están correctas.

O presidente da Mesa indica que os pregos non esixen certificados orixinais así que enténdense válidas as copias. Por outra banda, conforme aos pregos, a documentación debía vir en papel e en soporte informático debendo ser congruentes, e sinala que o enxeñeiro observa unha discrepancia na documentación presentada por GALICOM S.L. xa que en papel indica que os equipos portátiles cumprán o prego pero observada a versión informática resulta que os equipos MOTOROLA DP-4601 carecen de teclado completo e alfanumérico esixido expresamente nos pregos de condicións técnicas polo que a oferta non cumpre o esixido e polo tanto, ao seu xuízo, non debe ser admitida.

En consecuencia os membros da Mesa deciden **excluir á licitadora GALICOM COMUNICACIONES S.L. por non cumprir as esixencias establecidas no prego de condicións.**

Procédese seguidamente á apertura do sobre C da única oferta admitida, a de VEICAR S.A co seguinte resultado:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: ACTA LECTURA INFORME E APERTURA SOBRE C 24.03.17

Asunto: ACTA LECTURA INFORME TÉCNICO E APERTURA SOBRE C REDE
RADIOCOMUNICACIÓN 24.03.2017

- Unha **oferta económica** de 157.715,12os máis un 21% de IVE (33.120,17 euros), do que resulta un importe total de 190.835,29 euros IVE incluído.

c) Que oferta un **tempo de resposta ante avarías críticas ou do sistema completo de 2 horas/ minutos** dende o aviso dado polo Concello.

d) Que oferta un **tempo de resposta ante avarías de equipos de 3 horas/minutos** dende o aviso dado polo Concello.

e) Que oferta **5 equipos portátiles completos** (con batería extra e microaltavoz con PTT).

f) Que oferta **2.500 euros para repostos adicionais á elección dos responsables municipais e conforme aos prezos de mercado.**

g) Que oferta un **incremento do prazo de garantía de 4 anos.**

Á vista do cal os membros da Mesa acordan seleccionar a VEICAR S.A. como a oferta economicamente máis vantaxosa e requirila para a presentación da documentación necesaria para a adxudicar o contrato así como a garantía definitiva.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14,00

O PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabarés Martínez